

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 05 DE DECEMBRO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **CINCO DE DECEMBRO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1^o.- ACTAS ANTERIORES.-

2^o.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

3^o.- CONTRATACIÓN.-

4^o.- SUBVENCÍONS.-

5^o.- URBANISMO.-

6^o.- INTERVENCIÓN.-

7^o.- SERVIZOS SOCIAIS.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1^o.- ACTAS ANTERIORES.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobas as actas correspondente ás sesións do 10, 14, 17, 22 e 31 de outubro de 2008.

2^o.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2.1.- Escrito da Deputación provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 6115, de data 27 de novembro de 2008, informando sobre o Programa “Semanas Brancas” dirixido ós escolares da ESO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar á Deputación

Provincial de Pontevedra a adhesión deste Concello ó Programa “Semanas Brancas”.

2.2.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6076, de data 26 de novembro de 2008, expediente DH.A36.11992 a nome de Hormigones y Áridos de la Barca, S.A., remitindo resolución de data 20 de novembro de 2008 de arquivo por desestímulo da solicitude de concesión de auga para uso industrial procedente do río Toxa, no lugar de A Fonte da Pedra, parroquia de Negreiros (Silleda), co arquivo das actuacións practicadas e a conseguinte extinción do procedemento.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.3.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 6077, de data 26 de novembro de 2008, expediente DH.A36.14309 a nome de Energías Renovables Montes de San Sebastián, S.L., remitindo resolución de data 20 de novembro de 2008 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas de un pozo situado no lugar Coto das Quintás, na parroquia de Escuadro (Silleda) cun caudal medio de auga de 0,01 litros/segundo, con destino a usos sanitarios.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.4.- Escrito de Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 5916, de data 14 de novembro de 2008, expediente DH.A36.13509 a nome de Dº Antonio Pérez Fernández e Dº Manuel Villamayor Araujo, remitindo resolución de data 06 de novembro de 2008 de recoñecemento de dereito e inscrición no rexistro de augas de catro mananciais situados no lugar de A Devesa, parroquia de Grava (Silleda) cun caudal medio de auga de 0,05 litros/segundo, para uso doméstico e gandeiros.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.5.- Escritos de Laboratorio de Análisis Clínicos F. Lema y J. Bandín, S.L., Rexistros de Entrada comprendidos entre os números 6177 e 6188 (ambos inclusive), de data 02 de decembro de 2008, remitindo informes de ensaio da auga de:

- | | |
|------------------------------|--------------------------------|
| - Rede distribución Bandeira | - Fuente Lourás |
| - Fuente A Peroxa | - Fuente Escuadro |
| - Fuente Bravil | - Praza Feira Vella |
| - Fuente Merín | - Fuente Grava |
| - Iglesia Escuadro | - Fuente Escola Escuadro |
| - Virxen da Fonte | - Lugar Pena da Pedra - Siador |

Axustándose todos eles os parámetros analizados, a regulamentación do Decreto 103/2005, excepto Fuente de Merín, Fuente de Grava e Fuente Escola de Escuadro que incumple algún valor paramétrico do Anexo I.C da norma de aplicación RD 140/2003.

A Xunta de Goberno Local queda enterada destes escritos, e acorda remitir os mesmos ó Fontanero Municipal para adoptar as medidas necesarias se é do caso.

2.6.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 6242, de data 04 de decembro de 2008, remitindo análise de auga correspondente á Avda. do parque, nº 32 (Silleda) e Rúa da Moa de Bandeira, levado a cabo polo laboratorio LABAQUA, co resultado de auga potable, sendo as datas da toma o día 24 de novembro de 2008.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

2.7.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 6238, de data 04 de decembro de 2008, remitindo análises da auga tratada na Estación Depuradora de Augas Residuais de Silleda correspondente o ano 2008.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

2.8.- Escrito do Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía - Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, Rexistro de Entrada nº 5956, de data 18 de novembro de 2008, comunicando o posible retraso na entrega das ópticas LED por problemas na fábrica que produce as mesmas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

2.9.- Dase conta do Informe da Policía Local nº 422/08, de data 01 de decembro de 2008, en relación a solicitude presentada por Dº José López Castro de solicitude de baixa na taxa de entrada de carruaxes do inmovible sito no nº 29 da Avda. do Parque de Silleda, por cambio de finalidade do garaxe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, visto o informe anteriormente mencionado no que se indica que estanse realizando obras destinadas ó acondicionamento do garaxe para convertilo nunha tenda destinada a venda de calzado, acorda proceder a baixa deste recibo de entrada de carruaxes e comunicar este acordo ó ORAL.

2.10.- Dase conta do Informe da Policía Local nº 411/08, de data 27 de novembro de 2008, en relación a solicitude presentada por Dº Juan Manuel Cerdeira Castro de solicitude de baixa na taxa de entrada de carruaxes do inmovible sito no nº 11 da Rúa Mª Colmeiro de Silleda, por non dispoñer dito inmovible de garaxe na actualidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, visto o informe anteriormente mencionado no que se indica que este inmovible non se utiliza como garaxe, acorda proceder a baixa deste recibo de entrada de carruaxes e comunicar este acordo ó ORAL.

2.11.- Escrito da Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 6193, de data 02 de decembro de 2008, remitindo acta-denuncia/inspección nº 2008-101219-00000244, contra Cooperativa Criadores de Ganado-Hoxe, con domicilio en Borralla, nº 34, parroquia

de Prado (Lalín), por abandono de vehículo marca Citroen, matrícula M-1663-NP na parroquia de Ponte (Silleda).

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito a Cooperativa Criadores de Ganado-Hoxe para que alegue o que estime oportuno ou proceda a retirada do vehículo, en caso contrario iniciárase expediente sancionador.

2.12.- Escrito da Dirección Xeral de Administración Local - Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Rexistro de Entrada nº 6189, de data 02 de decembro de 2008, remitindo cuestionario sobre a situación e necesidades das entidades locais en materia de normalización da lingua galega.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda dar traslado deste cuestionario ó Técnico Local de Emprego para súa cumprimentación e posterior remisión á Dirección Xeral de Administración Local.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- Visto que mediante acordo desta Xunta de goberno local, de data 26 de novembro de 2.008, aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación da subministración de material para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do Curso denominado “Instalador de Sistemas fotovoltaicos (Módulo B)”, por procedemento negociado sen publicidade e procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que de conformidade co certificado expedido por secretaría, so foi presentada unha oferta, por FORGA (Fundación para Orientación Profesional, Emprego e Formación en Galiza) con n.º de rexistro de entrada: 6234, de data 4 de decembro de 2.008.

Examinada a documentación presentada e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato de subministración para para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do Curso denominado “Instalador de Sistemas fotovoltaicos (Módulo B)”, á empresa FORGA (Fundación para Orientación Profesional, Emprego e Formación en Galiza), polo prezo de 23.206,84 euros IVE incluído.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requirir ó adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no

cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva.

CUARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no no Perfil de Contratante.

3.2.- Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2.008 aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas para a adxudicación do servizo de actividades da escola de música municipal do Concello de Silleda, por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Tendo en conta os aspectos de negociación coa empresa e examinada a documentación que a acompaña e de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato de servizos de _ de actividades da escola de música municipal do Concello de Silleda á Asociación Cultural Sons de Trasdeza, polo prezo de 60.000,00 euros IVE incluído.

SEGUNDO. Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios.

TERCEIRO. Notificar e requirir a Asociación Cultural Sons de Trasdeza, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da data de publicación no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituír a garantía definitiva.

CUARTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante.

4º.- SUBVENCIONS.-

4.1.- Escrito da Dirección Xeral para o Deporte-Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 5953, de data 18 de novembro de 2008, remitindo proposta de resolución de aceptación de renuncia á subvención solicitada polo Concello para a realización de obras de infraestrutura deportiva correspondente a piscina municipal, por incapacidade orzamentaria do Concello.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

4.2.- Dase conta do escrito do Servizo Promoción do Emprego da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Rexistro de Entrada nº 6114, de data 27 de novembro de 2008, remitindo resolución de concesión de subvención do proxecto “Obradoiro de Emprego Ponte da Pedra I” polo importe global de 511.374,00 €, co seguinte desglose:

- Subvención para gastos de formación e funcionamento:

Fase	Datas previstas		Nº alumnos-traballadores	Nº Horas	Importe módulo A	Importe módulo B	Total
	Inicio	Remate					
1ª	29.12.08	28.06.09	25	960	71.520,00	19.920,00	91.440,00
2ª	29.06.09	28.12.09	25	960	73.680,00	20.400,00	94.080,00
Total					145.200,00	40.320,00	185.520,00

- Subvención para gastos salariais de alumnos-traballadores participantes:

Nº Contratos	Subvención por Fase (Euros)		Total
	Fase 1ª	Fase 2ª	
25	162.927,00	162.927,00	325.854,00

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda dar traslado do mesmo ó Técnico Local de Emprego.

5º.- URBANISMO.-

5.1.- Escrito de Dº Ramón López Castro, Rexistro de Entrada nº 6101, de data 27 de novembro de 2008, indicando que a propietaria da vivenda sita no nº 18 da rúa Braña do Medio (Silleda), Dª Amalia Costa Rivas, vierte os descorros da casa (lavadora, vertedeiro, ...) a cuneta, causando problemas para acceder a súa propiedade. Asimesmo, noutro escrito de data 02 de decembro de 2008, Rexistro de Entrada nº 6166, indica que na vivenda de Dª Amalia Costa Rivas as portas abren hacia a estrada, o que considera un perigo para o tránsito público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escritos á Policía Local para que proceda a informar, tanto os feitos denunciados como da situación das demais fincas ubicadas na zona.

5.2.- Escrito de Dº Fernando Rey López, rexistro de Entrada nº 6224, de data 03 de decembro de 2008, no que fai constar que continuamente está afectado polos verquidos de purín procedentes da explotación propiedade de Dº Manuel Iglesias, sobre todo os días de choiva, polo que solicita a corrección deste feitos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ó Concelleiro de Medio Ambiente.

5.3.- Escrito de D^a Elena Durán Villar, Rexistro de Entrada nº 6024,d e data 24 de novembro de 2008, en calidade de presidenta da Comunidade de Propietarios do Edificio Oisa 1, sito na rúa San Isidro, nº 21 de Silleda, sinalando que por parte dos veciños das vivendas 2^oC e 4^aC do edificio, colocáronse antenas parabólicas no blacón, o que altera a estética da fachada do edificio, polo que solicita que por parte do Concello se requira ós arrendatarios ou propietarios dos mesmos para súa retirada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda informar a D^a Elena Durán Villar que o Concello carece de competencia para resolver o feito denunciado, tratándose dun problema que debe resolver a comunidade de veciños.

5.4.- Dase conta do escrito presentado por D^a M^a José Fondevila Fondevila, Rexistro de Entrada nº 6087, de data 26 de novembro de 2008, reiterando denuncias presentadas por ocupación de camiño público no entronque da pista Caxeva e Monte, no lugar de Apena, parroquia de Saidres, finca nº 271 do plano de concentración parcelaria Saidres-Carboeiro, así como rehabilitación de ruínas na mencionada finca e desagües a pista.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado do expediente completo á oficina técnica municipal para que emitan informe técnico no que se indique si a obra denunciada se axusta a licencia, sobre os desagües e sobre a medición do camiños.

5.5.- Actividades Clasificadas.

5.5.1.- Examinado o expediente promovido por GARE SILLEDA, S.L., en virtude da instancia nº 4081, de data 11 de setembro de 2007, solicitando Licencia de actividade correspondente a acondicionamento e apertura de local para dedicalo a café-bar, a situar na rúa José Antonio, nº 56 baixo, praza da Feira Vella (Silleda), segundo proxecto da Arquitecta Técnica D^a Araceli Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 07 de setembro de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 02 de decembro de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 4081/07 instada por GARE SILLEDA, S.L., para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a café-bar, a situar na rúa José Antonio, nº 56 baixo, praza da Feira Vella (Silleda).

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

5.5.2.- Visto o expediente instruído a instancia da PARROQUIA DE SAN MAMEDE DE MOALDE, que solicita a regulamentaria licencia municipal para ampliación do cemiterio parroquial, a situar na finca nº 599 do polígono 64 do plano catastral, situadas no lugar da Igrexa s/n, parroquia de Moalde (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 04 de novembro de 2008, rexistro de entrada nº 5985, de data 20 de novembro de 2008, informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta, SCD, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo emiteu resolución con data 16 de setembro de 2008, rexistro de entrada nº 4878, de data 23 de setembro de 2008 concede autorización coas seguintes condicións:

- De conformidade co disposto no artigo 42.1a) da LOUG farase constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade:

- superficie da finca: 58.530 m2.

- uso autorizado: Cemiterio
- altura máxima panteóns: 2,69 m.
- superficie ocupada pola ampliación: 372,98 m2.

- O peche do recinto deberá executarse con pedra na zona segundo o sistema tradicional do lugar e o alto do muro deberá reducirse ao mínimo necesario para ocultar as fachadas, tal como se establece na resolución de data 22 de maio de 2008 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte que autorización a actuación solicitada.

- Esta autorización queda sometida a condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 42.1a) e e) da LOUG. Para estes efectos será suficiente que o solicitante achegue ante o concello:

- o xustificante da prestación das garantías que o concello esixa, en particular, a prestación do aval a favor de este en garantía do exacto cumprimento dos compromisos asumidos.

- a certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas por esta autorización (artigo 42.1.e) da LOUG en relación co disposto nos artigos 51.4 e 53.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo).

- A presente autorización outorgase sen perxuízo das licenzas e demais autorizacións esixidas por outras disposicións legais.”

RESULTADO: Que elevado á Delegación Provincial de Sanidade, este Organismo, con data 31 de outubro de 2008, rexistro de entrada nº 5788, de data 07 de novembro de 2008, informa favorablemente o proxecto, sinalando que unha vez rematada-las obras, e antes da posta en funcionamento deberá comunicalo a Delegación de Sanidade co gallo de realiza-la visita de inspección e obte-la preceptiva autorización de apertura e funcionamento.

RESULTADO: Que elevado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, este Organismo, con data 21 de maio de 2008, rexistro de entrada nº 2624, de data 28 de maio de 2008, autoriza a intervención solicitada coa condición de que o cerre do recinto se execute con pedra da zona segundo o sistema tradicional do lugar, e o alto do muro se reduza ao mínimo necesario para ocultar as fachadas posteriores dos panteóns.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, a Dirección Xeral de Urbanismo, a Delegación Provincial de Sanidade e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

6º.- INTERVENCIÓN.-

6.1.- Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00083-08, de data 05 de decembro de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 96.732,00 □□□ (Relación en Anexo adxunto).

5.2.- Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00084-08, de data 05 de decembro de 2008, ascendendo a mesma a un importe total de 62.417,86 □□□ (Relación en Anexo adxunto).

7º.- SERVIZOS SOCIAIS.-

7.1.- Dase conta do informe emitido pola Traballadora Social de Atención Primaria deste Concello, Dª Lucía Alonso Fernández, sobre a solicitude de alta no Servicio de Axuda a Domicilio, correspondente a Dº Roberto López García, con domicilio na rúa A Devesa, nº 4 - Bandeira (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, acorda prestar aprobación á solicitude de alta no Servicio de Axuda a Domicilio de Dº Roberto López García.

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as quince horas, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,